



BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE MOBILIDADE INTERNA DO PERSOAL ESTATUTARIO FIXO DAS CATEGORIAS DE PERSOAL SANITARIO DIPLOMADO, SANITARIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE XESTIÓN E SERVIZOS NO HOSPITAL PÚBLICO DE CEE

Exposición de motivos:

A Disposición adicional quinta do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece que "con independencia das súas facultades de ordenación de persoal, os órganos directivos das institucións sanitarias, baixo o principio de planificación eficiente das necesidades, procurarán que a localización do persoal dentro da institución sanitaria responda a criterios de obxectividade, igualdade e voluntariedade. Para estes efectos, habilitarán periodicamente procedementos de traslados internos, con suxeición a baremo, entre postos de traballo da mesma categoría, que contén coa participación das organizacións sindicais. No seo da mesa sectorial negociaranse as bases dos citados procedementos e dos baremos aplicables, nos cales se primará a valoración da antigüidade no Sistema Nacional de Saúde, a permanencia na institución, a experiencia profesional nas áreas específicas, a formación continuada e a docencia".

Con data 23 de Decembro de 2009 asínase acta de aprobación das bases do procedemento de traslados internos, dentro das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, do persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos, onde se establece que "a convocatoria de cada proceso de mobilidade interna será negociada na respectiva comisión de centro ou xunta de persoal de área "engadindo que " a convocatoria contará, como mínimo, durhas bases, a relación de todos os postos que se poden solicitar en cada categoría profesional e o modelo normalizado de solicitude ".

Esta Xerencia de Área da Coruña e Cee, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019 do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, ten a capacidade para acordar as bases reguladoras da **MOBILIDADE INTERNA** entre Unidades/Servizos do Hospital Público de Cee con suxeición as seguintes

BASES

PRIMEIRA .- ÁMBITO DE APLICACIÓN E OBXECTO.

O presente concurso de mobilidade interna voluntaria ten por obxecto a provisión interna de destinos do Hospital Público de Cee entre os profesionais con nomeamento de praza en propiedade no Hospital nalgunha das categorías correspondentes aos postos convocados e que cumpran os demais requisitos establecidos nas presentes bases.

O concurso terá carácter anual con apertura de prazo de solicitude o 1 de outubro e incorporación efectiva ao posto o 16 de xaneiro do ano seguinte. A convocatoria incluírá, con carácter xeral, todos os postos vacantes existentes no Centro nas categorías convocadas con data de 31 de maio do ano no que se inicia o proceso.

TIPOS DE PRAZAS A CONVOCAR:

- a) Prazas xenéricas, tipo 1.
 - b) Prazas con características especiais:
 - prazas tipo 2.- son prazas que requiren un plan de formación específico que habilite para o seu desempeño.
 - prazas tipo 3.- son prazas que ademais do plan específico de formación supoñan a implantación dun proxecto.
- Xunto coa convocatoria anunciarase o plan formativo e as características do proxecto a desenvolver.


SEGUNDA .- REQUISITOS E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

1. Serán requisitos para participar no procedemento de mobilidade interna no Hospital Público de Cee, os seguintes:
 - a) Ter acadado a condición de persoal estatutario con praza en propiedade e destino definitivo no Hospital Público de Cee na correspondente categoría convocada, cando menos, o último día do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso de mobilidade.
 - b) Estar en situación de activo ou asimilada na correspondente categoría de acordo co establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro do Estatuto Marco, de xeito que, de conformidade coas normas que regulen a dita situación administrativa, a persoa interesada goce de reserva de praza no Hospital Público de Cee.
 - c) Quen obtivese o seu posto de traballo actual no anterior proceso de traslados internos, non poderá participar nun novo procedemento de mobilidade interna se non transcorre, como mínimo, un ano desde a resolución de aquel.
2. Non poderán participar nos procedementos de mobilidade interna:
 - a) O persoal que ocupe unha praza ou posto de traballo no Centro en comisión de servizos, procedente doutra institución.
 - b) O persoal do propio Centro que se encontre en comisión de servizos de carácter voluntario noutra institución.
 - c) O persoal en promoción temporal, na categoría promocionada, aínda que si poderá participar na categoría de orixe.
 - d) O persoal en situación de reingreso provisional.

TERCEIRA .- SOLICITUDES.

1. As solicitudes efectuaranse mediante cobertura do formulario electrónico existente ao efecto na Oficina Virtual do Profesional (FIDES) e logo, tras cubrir o referido documento, presentala dentro de prazo no rexistro no Rexistro Xeral do Hospital Público de Cee ou, segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
 - Deberá ter en conta que na solicitude ten de figurar o selo do Rexistro coa data, quedando o orixinal en poder da Administración e a copia en poder do interesado como xustificante.

2. O prazo para a presentación de solicitudes e de inclusión de méritos no Expediente electrónico será establecido na convocatoria correspondente.
3. Os méritos deberán incluírse no Expediente Electrónico do Persoal (Expedient-e) antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. Non se terán en conta outros méritos presentados de forma diferente á descrita.
4. Serán excluídos os aspirantes que:
 - Non enchan todos os apartados da instancia ou cubran de xeito erróneo ou ambiguo, podendo dar lugar a diversas interpretacións.
 - As solicitudes que non reúnan os requisitos esixidos para a súa participación.
 - As solicitudes que non acompañen a documentación acreditativa dentro do prazo establecido.
 - As solicitudes nas que se aprecie falsidade manifesta nos datos que conteñan e/os documentos acreditativos.

Para calquera consulta relacionada coa presente convocatoria, os interesados poderán dirixirse ao Espazo do Profesional  (espazo.do.profesional.coruna@sergas.es) ,

✆ 981176248 ou ext. 291033

✆ 981176563 ou ext. 291064

✆ 981178147 ou ext. 291004

✆ 981178296 ou ext. 291021

Todos os datos consignados no expedient-e terán os niveis de seguridade determinados pola Lei Orgánica 15/99 do 13 de decembro (BOE nº 298 do 14 de novembro) de protección de datos de carácter persoal, a súa normativa de desenvolvemento e o novo Regulamento Xeral de Protección de Datos da Unión Europea (GDPR)

CUARTA .- COMISIÓN DE TRASLADOS INTERNOS.

Constituirase unha Comisión de Traslados Internos, de carácter paritario, que estará composta por:

- a) Un representante de cada sección sindical que cumpra os requisitos de ser asinante e parte dos presentes acordos, ademais de estar representada na Comisión de Centro do Hospital Público de Cee.
- b) Haberá igual número de representantes da Dirección da Área Sanitaria da Coruña e Cee. De entre os representantes da administración designarase un presidente/a e un secretario/a da Comisión.

Dita Comisión terá entre as súas funcións:

- a) Aprobar as prazas a ofertar nas correspondentes convocatorias (que serán coñecidas con anterioridade á convocatoria).

- b) A interpretación dos termos da presente convocatoria de mobilidade, discusión sobre as controversias que puideren xurdir e a decisión acerca dos supostos sobre a materia que non estiveren especificamente contemplados nestas bases.
- c) A avaliación das instancias presentadas.
- d) A elaboración das propostas de resolución do proceso.
- e) Tódalas demais funcións que se lle designen no presente documento.

Tódolos membros da Comisión de Traslados Internos terán voz e voto (poderase delegar o voto por escrito, expresando o carácter da delegación: voz, voto ou ambos); os acordos serán adoptados pola maioría simple dos membros presentes. O presidente da Comisión terá voto de calidade no suposto de se producir empate na adopción de decisións.

Tanto a Presidencia como a Secretaría da Comisión de Traslados Internos será exercida por algún dos representantes da Administración. Os membros da comisión deberán seguir as normas de abstención previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Constituirase unha Comisión Técnica por cada unha das categorías convocadas para revisar e adoptar decisións relativas á baremación.

A Comisión axustará a súa actuación ao disposto na normativa vixente reguladora dos órganos colexiados, en concreto, os membros da Comisión deberán de absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, notificándoo ao órgano que efectuou o seu nomeamento, quen resolverá o procedente. Así mesmo, os /as aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión nos termos do artigo 24 da referida lei, cando ao seu xuízo concorran as citadas circunstancias.

QUINTA.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E BAREMO DE MÉRITOS

Os méritos suxeitos a avaliación serán os causados e acreditados polos aspirantes ata a data inmediatamente anterior á publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio indicativo da convocatoria.

BAREMO DE MÉRITOS.

1. Experiencia Profesional.

a) **A antigüidade nas institucións sanitarias públicas** será avaliada do seguinte xeito:

a.1) Por cada mes completo de servizos prestados con praza en propiedade na mesma categoría á que se opta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: **1 punto.**

a.2) Por cada mes completo de servizos prestados con carácter temporal en prazas da mesma categoría á que se opta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: **0,5 puntos.**



a.3) Por cada mes completo de servizos prestados con praza en propiedade noutra categoría e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: **0,40 puntos**.

a.4) Por cada mes completo de servizos prestados con carácter temporal en prazas doutra categoría e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: **0,16 puntos**.

b) Permanencia na institución.- Puntuación adicional por cada mes de servizos prestados como persoal fixo na mesma institución sanitaria (Hospital Público de Cee), na mesma categoría á que se opta: **0,25 puntos cun máximo de 15 puntos**.

Os meses serán computados por días naturais, procedendo á división do total de días resultantes dos servizos prestados entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada apartado será o cociente enteiro, desprezándose os decimais.

Os servizos prestados en promoción interna temporal puntuaranse para os efectos da mobilidade interna na praza básica ou de orixe. Pola súa vez, no suposto de que o/a profesional acadase a súa praza como persoal propietario nunha categoría na que, con anterioridade, tivese prestado servizos en promoción interna temporal, estes servizos serán puntuados, de acordo co seu carácter temporal, para a mobilidade interna na nova categoría.

2. Formación Continuada e Docencia.

a) Formación continuada

Puntuaranse a asistencia, debidamente xustificada, a:

1. Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.
2. Cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados en debida forma polo Servizo Galego de Saúde, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.
3. Cursos de formación continua realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organización acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Servizo Galego de Saúde, dirixidos á categoría á que se opta.

- Por crédito: **1,5 puntos**
- Por hora: **0,15 puntos** (a equivalencia será por cada 10 horas, un crédito).

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración será

realizada sempre polos créditos que figuren nel.

Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título esixido para o desempeño da praza da categoría á que se opta (diplomatura ou especialidade, formación profesional, bacharelato superior, graduado escolar, certificado de escolaridade ou equivalente, segundo o caso).

Os cursos de prevención de riscos laborais, informática, igualdade entre homes e mulleres e os de prevención e loita contra a violencia de xénero valoraranse en todas as categorías, con independencia da data de obtención do título esixido para o desempeño da praza da categoría á que se opta.

b) Docencia relacionada coa categoría

Valorarase a actividade docente impartida nos tipos de cursos sinalados no apartado 2.A), con independencia da categoría ou categorías destinatarias dos mesmos, sempre que cumpran os requisitos citados.

A puntuación outorgada resultará dos créditos asignados ao curso e á correspondente participación individual en número de horas, tendo en conta que a puntuación será o duplo da asignada á formación recibida.

- Por crédito: **3 puntos**.
- Por hora: **0,3 puntos**.

Así mesmo, a docencia para a obtención de títulos oficiais, acreditada a través do correspondente recoñecemento, valorarase por meses: 0,2 puntos por mes.

3. Límites de puntuación por Formación Continua e Docencia

A puntuación límite máxima conxunta polos epígrafes de formación continuada e docencia, non poderá exceder da correspondente a dous anos de experiencia profesional como persoal fixo (**24 puntos**).

4. Coñecemento da lingua galega.

1. Curso de iniciación de lingua galega: **3 puntos**.
2. Curso de perfeccionamento de lingua galega: **6 puntos**.

Para os efectos da valoración deste epígrafe, os cursos do CELGA 2 equipáranse ao curso de iniciación e os cursos do CELGA 4 equipáranse ao de perfeccionamento actuais, respectivamente, de conformidade co disposto na Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG do 30 de xullo), pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega (CELGA). A acreditación do curso de perfeccionamento de lingua galega excluírá a valoración do curso de iniciación. En idéntica correspondencia, a presentación dos cursos do CELGA 4 excluírá a puntuación dos cursos do CELGA 2.



5. **Criterios de desempate:**

Naqueles casos nos que se produza empate na puntuación total entre varios aspirantes a unha mesma praza ou posto, procederáse do seguinte xeito:

- a) Outorgaráselle o destino solicitado á persoa que acredite máis puntuación no concepto de servizos prestados na propia institución sanitaria.
- b) No caso de persistir o empate, outorgaráselle o posto solicitado ao/a interesado/a que acredite máis puntuación por experiencia profesional no conxunto das institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, na mesma categoría.
- c) De continuar persistindo o empate, este resolverase atendendo á data de toma de posesión da praza en propiedade na categoría profesional á que se opta.
- d) Se persiste o empate, outorgaráselle preferencia ao profesional de maior idade.

SEXTA .- DESENVOLVEMENTO E RESOLUCIÓN DO PROCESO DE MOBILIDADE

1. Logo da avaliación das instancias pola Comisión de traslados internos, que adoptará as decisións pertinentes en relación coas posibles incidencias que poidan xurdir no ámbito das súas competencias, publicarase a listaxe de aspirantes excluídos á convocatoria, indicando a causa de exclusión e outorgando un prazo de **cinco días hábiles** para que as persoas interesadas emenden os erros detectados nas súas solicitudes, de tal xeito que se poda evitar a súa exclusión por este motivo. Unha vez revisadas as solicitudes de emendas, a Comisión de traslados internos formulará unha proposta de resolución provisional á Xerencia, que incluírá a listaxe das persoas aspirantes admitidas á convocatoria segundo a súa orde de prelación, así como as persoas excluídas indicando, neste caso, a causa da súa exclusión. A estimación ou desestimación das peticións de emendas entenderase implícita na publicación da resolución provisional coa orde de prelación.
2. Recibida a proposta de resolución provisional pola Xerencia, será emitida e publicada a devandita resolución no taboleiro de anuncios do Hospital Público de Cee (así como no taboleiro virtual do Espazo do Profesional) abríndose un prazo de **15 días hábiles** contados desde o seguinte á data da publicación, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar a correspondente reclamación ante o dito órgano.
3. Unha vez rematado o período de reclamacións, a Comisión de traslados internos pronunciarase sobre as mesmas e, en consecuencia, propondrá a resolución definitiva que será ditada e publicada pola Xerencia. Para estes efectos, a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, entenderase implícita na publicación da resolución definitiva.
4. **CHAMAMENTO:** Tras a Resolución de puntuacións definitivas convocarase aos concursantes, especificándose lugar, data e hora de celebración do acto público, nunha ou en varias sesións, para que por rigoroso orde de puntuación, cada concursante elixa un posto de entre os ofertados ou desista da solicitude. O participante que non se presentara no acto público entenderáselle por desistido, poñendo fin o procedemento, tal como establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Admitirase a representación por

calquera persoa que teña capacidade de obrar e que acredite a representación mediante documento de autorización ao que se xuntarán fotocopias compulsadas do DNI do interesado e o seu representante.

A puntuación adicional das áreas específicas soamente se terá en conta para a elección dun posto correspondente a dita área.

Efectos derivados do concurso: Unha vez efectuado o chamamento os postos adxudicados mediante a resolución definitiva do concurso serán **irrenunciabes**.

5. Rematada a fase de elección de destinos, a Xerencia publicará nos taboleiros de anuncios do Hospital Público de Cee a resolución pola que se declare rematado o proceso de mobilidade interna, facendo públicos os destinos adxudicados.

Contra a citada Resolución, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

6. Aos efectos de antigüidade no Servizo, computarase aos adxudicatarios o tempo transcorrido dende o día inmediatamente posterior á data de publicación da Resolución á que se fai referencia no presente apartado, con independencia dos eventuais adiamentos da efectividade da incorporación derivados do establecido nas bases sétima e decimoterceira

SÉTIMA .- INCORPORACIÓN AOS POSTOS ADXUDICADOS.

A incorporación dos adxudicatarios aos seus destinos será realizada pola Xerencia, con carácter xeral o 16 de xaneiro.

Con carácter excepcional, nos casos en que a incidencia de mobilidade nunha Unidade determinada poida pór en perigo os mínimos de seguridade, poderase dilatar previo acordo da Comisión de mobilidade interna, as incorporacións a un período máximo de 6 meses.

Con respecto ás prazas definidas na Base decimoterceira, a incorporación ao posto adxudicado terá lugar unha vez acadados os niveis de formación específica deseñados para cada posto e, no seu caso, realizado o desenvolvemento do programa específico deseñado. En todo caso, respectaranse os prazos de duración establecidos nos propios programas formativos.

O persoal non adxudicatario que se encontre acoplado, sen ocupar de xeito efectivo a praza adquirida mediante un procedemento de mobilidade anterior, deberá reincorporarse obrigatoriamente a aquela nos mesmos termos e prazos que o persoal que acade praza no presente procedemento.

OITAVA.- PERDA DO POSTO ADXUDICADO NO PROCESO DE MOBILIDADE INTERNA.

A praza ou posto adxudicado no concurso interno de traslados perderase polas seguintes causas:

- a) Por obter destino noutra unidade da institución sanitaria.
- b) Por perder a condición de persoal en activo, sempre e cando non se tivese dereito á reserva de praza na entidade mentres se permaneza na nova situación.

- c) Por ser destinado en comisión de servizos fóra do centro onde obtivo o posto adxudicado, durante un período superior a seis meses.
- d) Por reestruturación de postos na unidade.
- e) No suposto de que a persoa adxudicataria denote unha manifesta e probada inadaptación ao posto, unha vez transcorridos un máximo de tres meses desde a súa incorporación material e efectiva á unidade logo do informe emitido polo responsable da área correspondente. Neste suposto, logo de ser oída a persoa interesada e tras a pertinente reunión da comisión de traslados internos, procederá a revogar a súa adxudicación.
- f) Calquera outra situación da que se desprenda a dita consecuencia, de acordo co establecido na normativa legal ou regulamentaria.

NOVENA.-CRITERIOS DE SAÍDA/ REUBICACIÓN OU REESTRUTURACIÓN DE UNIDADE.

1.- REESTRUTURACIÓN:

Cando por reestruturación dunha Unidade sexa necesaria a redución de persoal, seguiranse os seguintes criterios:

- a) Voluntariedade.
- b) No caso de non existir voluntarios, segundo a seguinte orde de saída:
 - 1º.- Persoal con nomeamentos eventuais.
 - 2º.- Persoal con nomeamentos interinos en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva da praza de longa duración.
 - 3º.- Persoal en comisión de servizos.
 - 4º.- Persoal en reingreso provisorio.
 - 5º.- Persoal en promoción interna temporal.
 - 6º.- Persoal fixo acoplado.
 - 7º.- Persoal fixo acoplado por adaptación de posto de traballo.
 - 8º.- Persoal fixo da Unidade.

CRITERIOS DE DESEMPATE:

- No caso de persoal fixo, comisión de servizo ou en situación de reingreso provisorio, os criterios de desempate en cada nivel serán: antigüidade na Unidade dende a adxudicación, antigüidade na Unidade dende o acoplamento, antigüidade como propietario no SNS, tempo desempeñado como persoal temporal (interino/eventual) e maior idade.
- No caso de persoal temporal: promoción interna temporal, persoal con nomeamentos interinos en praza vacante ou substituto de longa duración e persoal con nomeamentos eventuais, a orde de saída ou criterio de desempate será en función da orde de puntuación nas listas de vinculacións temporais vixentes da respectiva categoría.

Ao Persoal Fixo na Unidade afectado pola reestruturación ofertáraselle unha praza vacante no Hospital Público de Cee coas mesmas condicións da que viña desempeñando (tomando como condición o tipo de quenda: fixa, rotatoria simple ou rotatoria complexa que tivera a praza de onde tivo que saír). A praza adxudicada terá o carácter definitivo, conservando a antigüidade que ostentaba na praza reestruturada.

2.- REUBICACIÓN:

Ao persoal propietario que teña que saír dunha Unidade, por mor da incorporación de persoal adxudicatario, ofertaráselle as prazas vacantes no Hospital Público de Cee que non estean ocupadas por persoal propietario, promoción interna temporal ou persoal con nomeamentos interinos en praza vacante ou substituto de titular con dereito a reserva de longa duración, nas que se poderá reubicar en función da antigüidade como propietario no SNS; de producirse empate polo tempo de servizos prestados como persoal temporal (interino/eventual) e, de continuar persistindo o empate, en favor do profesional de maior idade.

Ao persoal temporal que teña que saír dunha Unidade (interino en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva da praza de longa duración) ofertaráselle as prazas vacantes no Hospital Público de Cee nas que se poderá reubicar en función da puntuación que ostente nese momento nas listaxes vixentes de aspirantes a vinculacións temporais da correspondente categoría.

Poderá acceder a esta reubicación o persoal con nomeamento interino en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva de longa duración que leve desempeñando as súas funcións na mesma Unidade por un período mínimo de un ano e amose a súa vontade de saír da mesma. A súa participación seguirá, igualmente, a orde de puntuación na listaxe da categoría correspondente e aportará para ofertar na reubicación a praza ocupada.

DÉCIMA.- RESERVA DE POSTO.

Reservarase a praza ou posto adxudicado no proceso de mobilidade interna, sempre e cando a persoa adxudicataria estea prestando servizos en postos de xefatura ou coordinación, ou se encontre en calquera situación administrativa na que a normativa aplicable dispoña expresamente a tal reserva de posto (entre outros, nos supostos de permisos sen soldo, liberación sindical, situación especial en activo ou promoción interna temporal, ou de servizos especiais).

DECIMOPRIMEIRA.- MOBILIDADE POR RAZÓN DE SAÚDE.

Todo aquel persoal que, de conformidade co disposto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, veña desenvolvendo as súas funcións, por motivos de saúde, nun dos postos ofertados, estará obrigado a participar no procedemento de mobilidade interna solicitando a correspondente praza ou posto de traballo que vén desenvolvendo. O incumprimento desta obriga, segundo o disposto no artigo 8 da Orde do 16 de setembro de 2008, suporá a revogación automática do destino provisional, que será posta en coñecemento da Unidade de Prevención de Riscos Laborais para os efectos de que, con carácter previo, asesore tecnicamente sobre a nova localización provisional do persoal afectado.

Á persoa interesada que non resulte adxudicataria dun posto neste proceso, logo da valoración da correspondente UPR, adxudicaráselle un novo posto provisional compatible cos seus requirimentos de saúde, consonte o procedemento para a adscrición de postos e condicións de traballo por razón de protección de saúde regulado na Orde do 16 de setembro de 2008.



DECIMOSEGUNDA.- MOBILIDADE EN ÁREA DETERMINADA.

En determinadas Áreas e Servizos, constituídas á súa vez por distintas Unidades ou postos diferenciados, articularanse procesos de acoplamento entre o persoal propietario na Área ou Unidade, consensuados coa Comisión de mobilidade interna.

Tales procesos serán abertos e permanentes (cando exista posto vacante) e previos ao proceso de mobilidade interna xeral.

O criterio de adxudicación será o de antigüidade como propietario na Área ou Unidade, sendo de aplicación no caso de empate o baremo xeral contido nas presentes bases.

Poderanse articular proceso de mobilidade en área determinada noutras Unidades / Servizos previo acordo da Comisión de traslados internos.

DECIMOTERCEIRA.- CONFIGURACIÓN DAS PRAZAS CON CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS.

1.- Prazas tipo 2:

Os postos adxudicaranse mediante o procedemento xeral, conforme aos méritos establecidos na base quinta.

Os adxudicatarios deberán acadar o nivel de formación específico deseñado para cada posto. A tales efectos os adxudicatarios deberán participar nas accións formativas que, de xeito específico, se convoquen e/ou asistir ás estancias formativas estipuladas. As devanditas accións formativas darán comezo nos mesmos prazos establecidos para a incorporación dos adxudicatarios ás prazas obtidas no presente procedemento.

Entenderase acadado o nivel de formación a quen acredite estar en posesión dos coñecementos ou nivel de adestramento adquirido no período dos catro anos anteriores á data da convocatoria.

Os profesionais que non completen o proceso formativo poderán ser obxecto de revogación da adxudicación por inadaptación ao posto, previa tramitación de procedemento contradictorio, segundo a base oitava da presente convocatoria.

2.- Prazas tipo 3:

Os postos adxudicaranse mediante o procedemento xeral, conforme aos méritos establecidos na base quinta.

Os adxudicatarios deberán acadar o nivel de formación específico determinado para cada praza e comprometeranse a desenvolver o programa específico deseñado en cada caso coas correspondentes accións de implantación do programa establecido. As accións formativas darán comezo nos mesmos prazos establecidos para a incorporación dos adxudicatarios ás prazas obtidas no presente procedemento. Cando o profesional incumpra o desenvolvemento do programa será requirido para á realización das accións correctoras que procedan. De persistir tal situación poderán ser obxecto de revogación da adxudicación por inadaptación ao posto, previa tramitación de procedemento contradictorio, segundo a base oitava da presente convocatoria.

A adxudicación definitiva das prazas tipo 2 e tipo 3 será debidamente comunicada á Comisión de traslados internos.

BASE DERRADEIRA.

Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, á Comisión de Traslados Internos e aos que participen no procedemento de mobilidade interna.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cee, 21 de maio de 2021

Polas Seccións Sindicais:

Xerente da Área sanitaria da Coruña e Cee

CC.OO. 

Asdo.: Luis Verde Remeseiro

CIG 

3.0

CSIF 



SATSE

O'MEGA

USAE 

UXT 

ANEXO II

Prazas ofertadas

PERSOAL SANITARIO

CATEGORÍA	SERVIZO	QUENDA	PRAZAS
ENFERMEIRO/A	DIÁLISE	ROTATORIO SIMPLE	3
	QUIRÓFANO	ROTATORIO SIMPLE	1
	DIXESTIVO	ROTATORIO SIMPLE	1
	RADIOLOXÍA	FIXO MAÑÁ	1
	HOSPITALIZACIÓN A	ROTATORIO COMPLEXO	9
	HOSPITALIZACIÓN B	ROTATORIO COMPLEXO	9
	URXENCIAS	ROTATORIO COMPLEXO+GARDAS	5
TCAE	ESTERILIZACIÓN	ROTATORIO SIMPLE	1
	HOSPITALIZACIÓN A	ROTATORIO COMPLEXO	5
	HOSPITALIZACIÓN B	ROTATORIO COMPLEXO	4
	URXENCIAS	ROTATORIO COMPLEXO	2
FISIOTERAPEUTA	REHABILITACIÓN	FIXO TARDE	1

PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS

CATEGORÍA	SERVIZO	QUENDA	PRAZAS
AUX. ADMINISTRATIVO	ADMISIÓN	ROTATORIO SIMPLE	3
	ASISTENCIAL	FIXO MAÑÁ	2
	LABORATORIO	FIXO MAÑÁ	1
	FARMACIA	FIXO MAÑÁ	1
	URXENCIAS	ROTATORIO COMPLEXO	3

ANEXO III: Rexistro electrónico de méritos

Para a súa valoración neste proceso, os méritos deberán estar debidamente rexistrados no sistema informático Fides/expedient-e e acreditados documentalmente polos profesionais na forma e nos prazos que se indican nestas bases.

Para o rexistro electrónico dos méritos, procederase da seguinte forma:

- A) Os profesionais accederán a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) ao expediente electrónico do profesional (Fides/expedient-e), e comprobarán os datos do seu currículo que constan rexistrados na aplicación informática, así como o seu estado.
- B) Se non consta ningunha información ou está incompleta, o profesional rexistrará no sistema os méritos que posúa. Tamén deberá rexistrarse e acreditarse a titulación habilitadora para o posto (a máis antiga) no caso de non constar validada no Fides. Logo de rexistralos electronicamente, deberá imprimir a solicitude de validación, que estará dispoñible na aplicación informática na epígrafe de «Informe».
- C) Xunto coa solicitude de validación, o/a profesional deberá achegar a documentación acreditativa dos méritos que figuren pendentes de validación. A documentación acreditativa dos méritos deberá presentarse na orde que figura cada un deles na solicitude de validación. Só se admitirá como medio de acreditación o que se indica para cada un dos méritos no Anexo IV relativo ao *procedemento de acreditación de méritos*.
- D) Aqueles participantes que, con anterioridade a data de publicación desta convocatoria no DOG solicitasen, mediante a achega da documentación correspondente, a validación dalgún mérito previamente rexistrado no expediente electrónico e que se encontre pendente de validar, ou sen catalogar validado por parte da administración, non terán que presentar novamente a documentación acreditativa de tales méritos.
- E) Aquelas persoas que, con anterioridade á data de publicación desta convocatoria no DOG, rexistrasen no sistema informático os seus méritos e figurasen como pendentes de validar sen que achegasen a documentación acreditativa deles, deberán solicitar a súa validación e acreditar documentalente a súa posesión dentro do prazo de presentación de solicitudes para que poidan ser, se é o caso, valorados no dito procedemento.
- F) Non será necesaria a acreditación documental dos seguintes méritos:
 - A experiencia profesional como persoal estatutario nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e das entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade.
 - A formación recibida e impartida pola Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria.

- G) O/a participante non deberá presentar ningunha documentación acreditativa de méritos que xa consten validados na aplicación informática. Non obstante, a Administración poderá requirir en calquera momento a achega de documentación complementaria acreditativa de calquera requisito ou mérito aínda que conste validado.

ANEXO IV: PROCEDIMENTO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

<p>a) Formación Académica</p>	<p>Acreditarase, segundo o suposto, mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación da respectiva universidade, debidamente asinado, que deixe constancia de cada un dos méritos invocados polo aspirante e data en que foron causados.</p> <p>A acreditación da <u>formación máster</u> efectuarase mediante orixinal ou copia compulsada do título ou certificación da universidade en que conste ter sido superada polo/a aspirante a formación conducente á obtención do referido título, datas de realización e o número de horas ou créditos ECTS asignados á dita actividade formativa.</p> <p>Poderá requirirse a persoa aspirante a achega do programa formativo nos supostos en que non quede suficientemente acreditado a relación do seu contido co ámbito das ciencias da saúde.</p>
<p>b) Formación continuada recibida</p>	<p>Acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do certificado de asistencia ao curso no que deberá constar o organismo ou entidade que convocou e impartiu a dita actividade formativa, as datas de realización, contido do curso e número de créditos e/ou horas asignados. Poderá requirirse á persoa aspirante a achega do programa formativo ou categoría/s destinataria/s.</p> <p>No suposto de cursos acreditados pola Comisión Nacional (ou Autonómica) de Formación Continuada deberá constar o organismo ou entidade que convocou e impartiu a dita actividade formativa, título da actividade formativa, as datas de realización, número de créditos e/ou horas asignados, logotipo da respectiva comisión e ademais o número de expediente se se trata de actividades formativas posteriores a abril de 2007.</p> <p>Non se valorarán nesta epígrafe os cursos/módulos que sexan parte dunha titulación de formación académica.</p> <p>O órgano de selección reserva para si o dereito de poder exixir ao aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado en liña cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.</p>
<p>c) Actividade docente</p>	<p><u>Formación continuada impartida:</u> Acreditarse mediante certificación do organismo ou entidade convocante na cal deberá constar o contido da actividade formativa así como o número de horas de docencia impartidas.</p> <p><u>Docencia universitaria impartida</u> acreditarase mediante certificación da respectiva universidade, na cal se fará constar expresamente o cargo docente, tipo de vinculación, departamento ou área de coñecemento en que se impartiu a docencia e datas de inicio e fin da vinculación.</p>



	Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.
d) Experiencia Profesional	<p>A experiencia profesional en institucións públicas acreditarase mediante certificación emitida pola Dirección de Recursos Humanos do centro ou órgano equivalente na cal deberá constar a seguinte información: categoría/especialidade, tipo de vínculo, réxime xurídico de vinculación, data de inicio e fin de cada unha das vinculacións, réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).</p> <p>Non será necesario acreditar documentalmente a experiencia profesional nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade.</p>
e) Compulsa de documentos	As copias dos documentos orixinais acreditativos de méritos que se acheguen deberán estar cotexadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por notario ou funcionario público acreditado para a realización de tales funcións.
f) Tradución de documentos	<p>Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español deberán ir acompañadas da súa tradución ao castelán ou galego, que deberá ir efectuada:</p> <p>a) Por tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.</p> <p>b) Por calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro.</p> <p>c) Pola representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento.</p>